

FORUM


A zona de intervención atópase no barrio da Tinería, dentro da cidade histórica de Lugo. Trátase dun ámbito de gran carga histórica e cultural, con edificacións de moi diversas épocas etípoloxias, entre as que nos chama a atención a ruína do Pazo de Dona Urraca e o gran espazo baleiro que se atopa na súa fronte, cercado por un muro perimetral e no que se descobre un xacemento arqueolóxico. Así, a nosa proposta trata de dar resposta e xerar un foro de debate sobre como resolver varias actuacións:

„Pazo de Dona Urraca: Unha construción datada no século XI, que ao longo dos anos sufriu importantes modificacións que foron alterando a súa volumetría. Actualmente, o único que se mantén é a fachada na súa cara sur-oeste (que podía ser a orixinal segundo os estudos consultados), xunto a catro estancias e unha chimenea, que conforman a totalidade do conxunto.

„Edifícios de vivenda na rúa do Miño 19 e 21: Dúas edificacións lineíneas con esta rúa ao norte e co Pazo de Dona Urraca ao sur. Contan con planta baixa e tres plantas de vivenda, no caso do edificio número 21, e con dúas plantas superiores no caso do 19. A súa entrada principal atópase na rúa do Miño e a súa fachada traseira pega coa estrutura do propio Pazo de Dona Urraca, segundo consta no levantamento topográfico.

„Rúa Falcón 16, 18 e 20: Un conxunto de tres vivendas de diferentes tamaños, alturas e tipoloxías, dúas delas son construcións tradicionais, que se deben preservar e un terceiro volume, totalmente fora de escala co contorno, que se propón demoler.

„Espazo baleiro e de oportunidade: Un baleiro urbano que se xerou tras o derrubamento do edificio existente na parcela, unha antiga fábrica de ataúdes, deixando libres un xacemento arqueolóxico cuxa investigación foi obxecto de varias campañas e excavacións. Por outro lado, ademais dos edificios a intervir, este baleiro está tamén cercado por outros edificios de vivendas, dos cales algúns ventilan, se iluminan e teñen accesos pola cara medianera coa parcela. Paralelamente á muralla, este espazo queda delimitado por un muro que o separa da Rúa do Moucho, desde a que existe un acceso no extremo Oeste, próximo á Porta Miñá. Este espazo baleiro ten un desnivel importante no sentido Este-Oeste de aproximadamente 4 metros.



Contorna urbana


O espazo actualmente baleiro ofrece un gran potencial en relación á súa escala, orientación e relación coa muralla, ofrecéndose a ser un complemento do resto de espazos públicos da cidade histórica. A intervención neste emprazamento danos a oportunidade de crear unha nova conexión urbana que supere o importante desnivel entre os dous extremos da parcela, conectando a praza do Campo coa Porta Miñá. Á hora de deseñar un espazo público funcional e flexible, que posibilita poñer en valor o xacemento arqueolóxico, a organización das rasantes e as pendentes serán o eixo fundamental da actuación. Non se estima convinte a creación dunha praza en pendente, ou con varios niveis, que non daría solución a todos os obxectivos expostos, nin tampouco resolvería a conexión cos edificios de vivendas perimetrais. Para alén disto, unha operación que non integre o xacemento arqueolóxico e a posibilidade de protexelo e visítalo, requirirá a súa completa demolición e a execución dunha nova cuberta se fosen destapadas no futuro.

Proposta

A proposta estruturárase en torno á apertura de novas conexións urbanas e á creación, deste xeito, dun espazo público de calidade que convirta en oportunidade a presenza dos restos soterrados, poña en valor o Pazo de Dona Urraca, e dispoña verde urbano nas marxes. Para conseguilo, propónse un único plano horizontal accesible, cunha pequena pendente, accesible a nivel desde as rúas Miño e Falcón, xerando un baleiro perimetral en tres dos seus lados e unha rampa lateral accesible que conecta coa saída cara a Rúa do Moucho e Porta Miñá. Esta estratexia permite establecer unha relación máis respectuosa coas vivendas novas e reformadas, separándoas da praza e engadindo valor paisaxístico e ambiental mediante a creación de espazos axardinados no nivel inferior.

Niveis

Créase unha praza dun só nivel, que funciona como extensión do Pazo de Dona Urraca e o converte no protagonista principal da actuación. A cota máis elevada deste espazo público coincide co nivel de acceso ao Pazo. Esta cota é próxima tamén á de acceso ás edificacións dende a rúa do Miño, ao de acceso á parcela dende a rúa Falcón e ao nivel superior da muralla romana. Por outra banda, un segundo nivel de espazo público, máis baixo, marcado pola saída da parcela pola rúa do Moucho cara a Porta Miñá que coincide coa rasante do espazo de acceso ás vivendas rehabilitadas na rúa Falcón, creando un percorrido perimetral en torno aos restos arqueolóxicos.



Praza

A praza ou “forum” plantexado, é un plano de planta rectangular que regulariza o encontro complexo coas estruturas perimetrais a través da creación de baleiros ou patios. Esta nova plataforma sconeácese a cota co Pazo para poñelo en valor respecto ao resto de construcións perimetrais e potenciar así posibles actividades ao aire libre. Para unha maior flexibilidade no uso e menor mantemento, o pavimento deseñase como un adoquinado de granito separado por faixas de lousas de granito, igual que noutras rúas das cidades históricas. O perímetro resólvese con bancos lineais e unha xardineira que aporta verde á vez que xera unha barreira visual coas vivendas. No extremo oposto ao acceso peatonal pola rúa Falcón, colócase unha rampa lateral que conecta coa cota inferior e que podería prolongarse nun futuro para proseguir o percorrido cara a cotas inferiores, onde se atopan os restos arqueolóxicos. Os muros de mampostería existentes que delimitan este espazo permanecen intactos, respectando o seu valor patrimonial e utilizándoos para controlar o acceso dende a rúa do Moucho. Esta estrutura resólvese cun forxado reticular de vigas de formigón armado, cunha serie de apoios perimetrais que se reducen ao mínimo para non afectar ao xacemento.

Pazo

A rehabilitación do Pazo de Dona Urraca aséntase en dúas decisións principais. A primeira delas, consiste na apertura dun patio contra a súa fachada posterior, separándoo do edificio da rúa do Miño 21. Este patio proporciona iluminación e ventilación natural tanto ao edificio residencial como ao Pazo. Deste xeito, preténdese dar valor aos restos da volumetría orixinal do Pazo, dantóndoo de identidade e independencia respecto das edificacións colindantes. Por outra banda, elimínase tamén os engadidos que se entenden posteriores na parte dianteira, así como a singular cheminea adxacente, tanto polo seu estado de conservación como polo seu conflito coa fachada traseira de rúa do Miño 19. Propóñense dous accesos ao Pazo: o primeiro pola planta baixa do edificio da rúa Miño 21 e outro desde o novo espazo público. No interior, sitúase un núcleo de circulación central que permite acceder ás catro salas expositivas mediante unhas escaleiras e un ascensor, colocados de forma estratéxica para dotar de accesibilidade a unha preexistencia complexa pola diferenza de niveis. Por último, os elementos funcionais (baño e almacén) necesarios para o funcionamento deste espazo, sitúanse na planta baixa de Miño 21, co obxectivo de respectar o máximo posible a tipoloxía orixinal do Pazo.



Plano de situación

e: 1/1500



- | | | | |
|----|------------------------------|----|--|
| 01 | PORTA MIÑÁ | 08 | REHABILITACIÓN VIVENDAS RÚA DO MIÑO 19 |
| 02 | TRAVESA DO MIÑO | 09 | REHABILITACIÓN VIVENDAS RÚA DO MIÑO 21 |
| 03 | RÚA DO MIÑO | 10 | REHABILITACIÓN VIVENDAS RÚA FALCÓN 18 |
| 04 | RÚA DO FALCÓN | 11 | REHABILITACIÓN VIVENDAS RÚA FALCÓN 16 |
| 05 | PRAZA DO CAMPO | 12 | VIVENDAS NOVAS |
| 06 | ACCESO DESDE A RÚA DO MOUCHO | 13 | NOVO ESPAZO PÚBLICO |
| 07 | PAZO DE DONA URRACA | 14 | RESTOS ARQUEOLÓXICOS |

